

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E SAÚDE MENTAL FEAFES GALICIA (FEDERACIÓN GALEGA DE ASOCIACIÓNS DE FAMILIARES E PERSOAS CON ENFERMIDADE MENTAL DE GALICIA), PARA O FINANCIAMENTO DO “PROGRAMA DE APOIO SOCIOEDUCATIVO COMUNITARIO E PREVENCIÓN DA DEPENDENCIA NO RURAL” E PARA O PROGRAMA “TECENDO SAÚDE MENTAL” PARA PERSOAS CON ENFERMIDADE MENTAL NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA NO EXERCICIO 2025**

Lugar e data da sinatura dixital

**REUNIDOS**

**Dunha parte:**

Dona Fabiola García Martínez, conselleira de Política Social e Igualdade, actuando en nome e representación da Consellería de Política Social e Igualdade, no uso das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, no Decreto 44/2024, do 14 de abril, do seu nomeamento, no Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, no Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, no Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade, e no establecido no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991.

**Doutra parte:**

Don Xosé Ramón Girón García, con DNI 33214346T, en calidade de presidente, actuando en nome e representación da Saúde Mental FEAFES Galicia (Federación Galega de Asociacións de Familiares e Persoas con Enfermidade Mental de Galicia), con NIF G15545353, en virtude da súa condición de representante da entidade, de acordo co nomeamento outorgado segundo o disposto nos artigos 24 e 25 dos seus estatutos, e no acordo adoptado pola Asemblea Xeral da asociación de 12/05/2021.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que para que no nome das entidades que representan teñen conferidas

**EXPOÑEN**



I. Que as Administracións Públicas poden celebrar convenios de colaboración con outras administracións ou entes de dereito público e con persoas físicas ou xurídicas ao abeiro do disposto no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

II. Que a Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o establecido no artigo 27.23 do Estatuto de autonomía de Galicia, en consonancia coa habilitación competencial outorgada ás Comunidades Autónomas polo artigo 148.1.20 da Constitución española, ten competencia exclusiva en materia de asistencia social, polo que, na súa virtude se aprobou a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

III. Que a Consellería de Política Social e Igualdade é o órgano superior da administración autonómica ao que lle corresponde as competencias en materia de servizos sociais, e consecuentemente a atención do colectivo de persoas con discapacidade, conforme ao Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade.

IV. Que Saúde Mental FEAFES Galicia, (Federación Galega de Asociacións de Familiares e Persoas con Enfermidade Mental de Galicia), entidade de natureza asociativa, figura inscrita no Rexistro de asociacións co número 2004/108-2, tendo por finalidade a defensa dos intereses das persoas con enfermidade mental de Galicia para que estas acaden a súa real e efectiva participación social, laboral e cultural, así como a súa integración na sociedade.

A entidade, declarada de utilidade pública pola Orde do 3 de xuño de 2010 da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, figura recoñecida e inscrita como entidade de iniciativa social no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais co número E-0906.

A entidade ten como obxectivos, entre outros:

- a) Representar e defender ao colectivo de persoas con trastornos mentais e aos seus familiares no ámbito autonómico galego.
- b) Manter as persoas discapacitadas con trastornos mentais no seu entorno coa mellor calidade de vida posible.
- c) Mellorar a función terapéutica das persoas coidadoras non profesionais.



d) Achegarse a aquelas persoas que por razóns derivadas das características do seu lugar de residencia, non poden acceder aos servizos de apoio comunitario.

e) Acadar o maior grao posible de autonomía para o desenvolvemento das actividades básicas, instrumentais e avanzadas da vida diaria que permita ás persoas afectadas de enfermidade mental acadar unha vida o máis autónoma e normalizada posible.

**V.** Que actualmente faise preciso establecer medidas orientadas á prevención e promoción da autonomía persoal das persoas con enfermidade mental, desenvolvendo programas co obxectivo de recuperar á persoa e acompañala neste proceso, así como á súa familia e persoas cuidadoras, evitando a cronificación desta situación e previndo o desenvolvemento dunha situación de dependencia, especialmente naqueles espazos onde a implantación de servizos e programas específicos é débil, como é o medio rural, e en colectivos especialmente vulnerables como as mulleres con enfermidade mental embarazadas ou que xa sexan nais.

Saúde Mental FEAFES Galicia, (Federación Galega de Asociacións de Familiares e Persoas con Enfermidade Mental de Galicia), a través dos programas recollidos neste convenio trata de mellorar a atención ás persoas con enfermidade mental residentes en contornas rurais, en zonas de escasa ou nula cobertura sociosanitaria, e mellorar a atención ás mulleres con discapacidade por mor de saúde mental que sexan nais ou estean embarazadas e ás súas fillas e fillos, en especial ás mulleres que afrontan esta situación soas e/ou están en grave risco ou en situación de exclusión social.

Os dous programas teñen un carácter especializado con respecto á atención ao colectivo de persoas con enfermidade mental noutros servizos de saúde mental prestados por Feafes Galicia (Federación Galega De Asociacións De Familiares e Persoas con Enfermidade Mental de Galicia). O Programa de apoio socio-educativo comunitario e prevención da situación de dependencia ten un carácter especializado polo ámbito xeográfico no que se desenvolve, poboación con enfermidade mental residente en zonas rurais de Galicia que teñen dificultades de acceso aos recursos ; e o Programa tecendo saúde mental polas persoas destinatarias, mulleres con enfermidade mental embarazadas ou que xa son nais, o que o diferencia das actividades financiadas cunha subvención nominativa materializada nos programas que conforman o convenio asinado o 10/04/2025.



A través dos programas que se pretenden financiar coa sinatura deste convenio hai un incremento das actividades, que non estaban previstas na programación inicial de actividades subvencionadas a través do convenio nominativo, xa que se trata de colectivos específicos dentro das persoas con enfermidade mental, residentes en contornas rurais e mulleres nais ou embarazadas.

Conforme ao exposto, é do interese da Consellería de Política Social e Igualdade subscribir un convenio de colaboración coa entidade Saúde Mental FEAFES Galicia (Federación Galega de Asociacións de Familiares e Persoas con Enfermidade Mental de Galicia) para contribuír ao financiamento das actuacións relacionadas co desenvolvemento dun programa específico de apoio socio educativo comunitario no medio rural dirixido ás persoas con enfermidade mental, orientado á promoción da autonomía persoal e á prevención da situación de dependencia, e un programa dirixido a atención a mulleres nais ou embarazadas con enfermidade mental, a través da concesión directa dunha subvención .

**VI.** Estes programas gozan da singularidade precisa para fundamentar a concesión directa da subvención ao abeiro do disposto no artigos 19.4.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no 36 c) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia nos que se prevé a posibilidade de exceptuar, con carácter excepcional, o réxime ordinario de concorrencia competitiva en base ao carácter singular das subvencións e para o caso daquelas nas que se acrediten razóns de interese público, social e humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.

Saúde Mental FEAFES Galicia (Federación Galega de Asociacións de Familiares e Persoas con Enfermidade Mental de Galicia) é a única entidade de iniciativa social de ámbito autonómico que desenvolve, no ámbito da Comunidade Autónoma galega, programas e actuacións para a mellora da calidade de vida das persoas con enfermidade mental e as súas familias e/ou persoas coidadoras, a defensa dos seus dereitos e a representación e defensa do movemento asociativo en Galicia, brindando apoio e coordinación ás asociacións que a integran, dispoñendo da experiencia, capital humano e medios axeitados para desenvolver esa atención.

Tendo en conta, por unha banda, a especificidade e exclusividade das características dos programas que se van financiar por razón das necesidades inherentes do



colectivo ao que van dirixidas, a súa adecuación ao ámbito competencial da Consellería de Política Social e Igualdade previsto no Decreto 139/2024, do 20 de maio, na área específica da Dirección Xeral con competencias en materia de persoas con discapacidade, considéranse razóns que acreditan o seu interese social. Polo tanto queda xustificada a concesión directa desta subvención, en aplicación do artigo 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, que permite establecer convenios a través dos cales se canalizan estas subvencións resultando xustificada a imposibilidade de promover a concorrência pública en relación ao artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Por todo o exposto, as partes comparecentes, na representación que ostentan,

### **ACORDAN**

Subscribir un convenio de colaboración para levar a cabo un programa específico de apoio socio-educativo comunitario e prevención das situacións de dependencia no medio rural, e un programa de apoio a mulleres nais ou embarazadas con enfermidade mental en Galicia

### **CLÁUSULAS**

#### **PRIMEIRA. *Obxecto***

O obxecto do presente convenio é contribuír ao financiamento por parte da Consellería de Política Social e Igualdade, a través da concesión directa dunha subvención pública, do programa específico orientado ao apoio socio-educativo comunitario e a prevención das situacións de dependencia no medio rural para persoas con enfermidade mental en Galicia, así como o programa Tecendo Saúde Mental que Saúde Mental FEAFES Galicia (Federación Galega de Asociacións de Familiares e Persoas con Enfermidade Mental de Galicia), ten previsto desenvolver durante o ano 2025, a través das actuacións descritas na cláusula segunda.

#### **SEGUNDA. *Actuacións subvencionables***

1. Serán obxecto da concesión da subvención os gastos das actuacións durante o período de vixencia e que a continuación se relacionan:

a) Programa de apoio socio educativo comunitario e prevención da dependencia no rural, que consiste en ofrecer un servizo de proximidade ás persoas con enfermidade mental e ás súas familias ou persoas achegadas nas comarcas e



lugares obxecto do programa que na provincia da Coruña abarcará as comarcas de Ordes, Sar e Santiago de Compostela e o Barbanza; na provincia de Pontevedra as Comarcas do Condado e A Paradanta; na provincia de Lugo os concellos rurais da provincia: Comarca de A Mariña e a montaña lucense; e na provincia de Ourense: concellos rurais da provincia: Comarcas de Terra de Celanova, Baixa Limia e O Barco de Valdeorras, contando co apoio das delegacións da Federación en Santiago de Compostela, Vigo, Lugo e Ourense, a través das seguintes actividades:

1º. Entrevistas e intervencións con aquelas familias, persoas achegadas ou persoas con enfermidade mental que o demanden ou sexan derivadas preferentemente por profesionais do ámbito socio sanitario das diferentes zonas de intervención.

2º. Grupos de atención grupal e/ou individual, segundo sexa necesario e posible.

3º. Traballo de mediación e seguimento permanente no ámbito da saúde e das necesidades sociais básicas.

4º. Actividades de información social e comunitaria nos concellos, institucións e entidades dos territorios de actuación.

b) Atención por profesionais das asociación federadas e da Federación (psicólogos, traballadores sociais e educadores sociais) a través de unidades de acompañamento comunitario a persoas que por razón do seu lugar de residencia non poden acceder aos servizos de apoio socio educativo e comunitario dunha forma normalizada e regular, coas seguintes actividades:

1º. Acompañamentos da vida diaria a persoas usuarias e ás súas familias.

2º. Mediacións entre os familiares e a persoa con enfermidade mental usuaria dos servizos que presta esta Entidade, para a resolución de conflitos.

3º. Acompañamentos para coñecer e usar os recursos máis próximos na súa comunidade.

4º. Facilitar o uso de recursos tecnolóxicos, despois do estudo das súas carencias e necesidades de relación e comunicación tecnolóxica e das TIC (teléfono, conexión a internet, dispositivos como tablets ou ordenadores).

c) Programa Tecendo saúde mental. Este programa ten como obxectivo mellorar a atención ás mulleres con discapacidade por mor de saúde mental que sexan nais ou



estean embarazadas e ás súas fillas e fillos, en especial ás mulleres que afrontan esta situación soas e/ou están en grave risco ou en situación de exclusión social.

A través deste programa pónse en marcha un sistema de intervención integral para mulleres con problemas de saúde mental en situación de especial vulnerabilidade ou risco social co obxecto de mellorar a súa calidade de vida a través de itinerarios personalizados de atención que inclúen actuacións de información e asesoramento sobre aspectos en torno a temas de igualdade, maternidade, dereitos das mulleres e dos nenos e das nenas e de diversos aspectos xurídicos, aspectos psicolóxicos, acceso a recursos especializados e acceso ao emprego. A metodoloxía de traballo inclúe sesións individuais e/o grupais seguindo os plans de intervención personalizados.

2. Para o desenvolvemento destas actuacións Saúde Mental FEAFES Galicia (Federación Galega de Asociacións de Familiares e Persoas con Enfermidade Mental de Galicia Feafes Galicia), contará co apoio das delegacións da Federación en Santiago de Compostela, Vigo, Lugo e Ourense.

3. No deseño e desenvolvemento dos programas e das súas actuacións a subvencionar a través do presente convenio incorporárase de xeito transversal, o principio de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e terase en conta a perspectiva de xénero no seu deseño e execución.

### **TERCEIRA. Orzamento**

A previsión do orzamento de gastos para o desenvolvemento dos programas específicos e das súas actuacións, que ten previsto desenvolver Saúde Mental FEAFES Galicia (Federación Galega de Asociacións de Familiares e Persoas con Enfermidade Mental de Galicia), é de 70.000,00 euros.

Para o cumprimento da finalidade prevista na cláusula primeira deste convenio a Consellería de Política Social e Igualdade achegará **setenta mil euros ( 70.000,00 € )** que serán imputados á aplicación orzamentaria 08.04.312E.481.1 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025.

### **CUARTA. Obrigas da entidade**

1. Saúde Mental FEAFES Galicia (Federación Galega de Asociacións de Familiares e Persoas con Enfermidade Mental de Galicia) terá que cumprir os requisitos do artigo



10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Sen prexuízo de todo o anterior, tamén deberá cumprir as obrigas seguintes:

- a) Realizar as actuacións que conforman os programas que fundamenta a concesión da subvención.
- b) Acreditar a realización destas actuacións, así como o cumprimento dos requisitos ou das condicións que determinaron a concesión da axuda. O cumprimento desta obriga de xustificación realizarase nos termos previstos no artigo 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no artigo 30 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, na normativa regulamentaria de desenvolvemento e no disposto no presente convenio.
- c) Someterse ás actuacións de comprobación que deba efectuar a Consellería de Política Social e Igualdade, así como calquera outra comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais coma comunitarios e achegar canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
- d) Comunicarlle á entidade Consellería de Política Social e Igualdad a obtención de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien os programas subvencionados. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
- e) Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable á entidade beneficiaria en cada caso, así como cantos estados contables e rexistros específicos sexan esixidos polas bases reguladoras das subvencións, coa finalidade de garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.
- f) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.



g) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

h) Incluír na publicidade e en todo tipo de documentación e información relacionada coas actuacións obxecto dos programas a subvencionar a través do convenio e nos lugares onde estas se realicen "subvencionado pola Xunta de Galicia-Consellería de Política Social e Igualdade" co seu respectivo logotipo.

i) Cumprir cantas outras obrigas se deriven da execución deste convenio.

2. Así mesmo, a entidade deberá cumprir a obriga de subministración de información nos termos establecidos no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

#### **QUINTA. Obrigas e documentación**

En virtude do disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, a entidade beneficiaria presentará, con carácter previo á sinatura do convenio e xunto co programa de actuacións a desenvolver, a seguinte documentación:

a) Declaración comprensiva de todas as axudas e subvencións solicitadas ou concedidas para os mesmos programas, ou, se fora o caso, unha declaración de que non solicitaron nin percibiron outras axudas ou subvencións.

b) Declaración responsable, subscria polo representante da entidade, de non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria de subvencións sinaladas nos apartados 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

#### **SEXTA. Compatibilidade con outras axudas**

A subvención prevista neste convenio é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou



doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo total das actuacións que vai desenvolver a entidade beneficiaria.

### **SÉTIMA. Forma de pagamento**

1. Respecto ao pagamento e forma de xustificación da subvención estarase ao disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

O libramento farase nunha conta corrente da que sexa titular a entidade beneficiaria, e farase efectivo unha vez rematadas todas as actividades que conforman os programas que se subvencionan a través deste convenio , achegando a documentación prevista na cláusula oitava.

2. Con carácter previo ao pagamento poderá consultarse, salvo oposición por parte da entidade beneficiaria, o cumprimento das súas obrigas tributarias, coa Seguridade Social e coa facenda da Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, así como non ser debedora por resolución dun procedemento de reintegro. De opoñerse terá que facelo de xeito expreso tal e como sinala o artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, e achegar os xustificantes ou documentación necesaria para acreditar o seu cumprimento, se fora o caso, de conformidade co disposto na normativa de subvencións.

4. Para a tramitación das condicións de pagamento previstas no número dous, a entidade beneficiaria da subvención queda exonerada da constitución de garantía ao entrar no suposto previsto no artigo 65.4.f) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

### **OITAVA. Gastos subvencionables e xustificación**

1. Son gastos subvencionables os que cumpran os requisitos fixados polo artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño. Para estes efectos, considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación que remata o **30 de decembro de 2025**.

En consideración ao obxecto do convenio ten carácter subvencionable o gasto de persoal adscrito á execución dos programas, así como o gasto corrente directamente relacionado coas actuacións que conforman os programas subvencionado, e derivado das contratacións de servizos precisas para a debida execución no marco do disposto no presente convenio.



Considerarase efectivamente pagado o gasto cando se xustifique o pagamento mediante extractos ou certificacións bancarias debidamente identificados, selados e asinados pola persoa con capacidade suficiente da entidade beneficiaria. Este pagamento debe referirse ao gasto de actuacións realizadas que conforman os programas obxecto da concesión da subvención. No suposto de que o xustificante do pagamento inclúa varias facturas, deberase xuntar unha relación delas.

No suposto de facturas pagadas conxuntamente con outras non referidas aos programas subvencionados, a xustificación do pagamento débese realizar sempre mediante a achega do correspondente extracto bancario que irá acompañado dun dos seguintes documentos: relación emitida polo banco dos pagamentos realizados especificando o pago das actuacións que correspondan aos programas a subvencionar; orde de pagamentos da entidade selada polo banco ou recibo da persoa provedora.

Para gastos de escasa contía por importes inferiores a 1.000,00 euros poderase aceptar a xustificación do pagamento mediante recibín da persoa provedora.

2. A presentación da conta xustificativa levarase a cabo unha vez rematadas todas as actuacións dos programas obxecto da concesión da subvención a través do convenio e, en todo caso, con data límite do 30 de decembro do 2025, achegando a seguinte documentación, conforme ao previsto nos artigos 48 e 50 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro:

a) Unha memoria final das actuacións desenvolvidas en execución destes programas, con indicación das actividades realizadas, datas de inicio e finalización das mesmas, resultados obtidos e valoración cualitativa, número de persoas beneficiarias en cada actividade, e demais aspectos que se consideren relevantes.

b) Unha memoria económica abreviada xustificativa do custo das actuacións realizadas, que conterà:

1º. Unha ficha resumo dos gastos de persoal e do resto dos gastos.

2º. Unha relación clasificada e debidamente agrupada dos gastos, con identificación da persoa acreedora e do documento, o seu importe, data de emisión e data de pagamento. No caso dos gastos realizados con medios ou recursos propios, indicaranse os criterios de repartición dos custos xerais e/ou indirectos incorporados



na relación e, se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención, indicárase neste último caso a porcentaxe ou contía que se imputa.

3º. Especificación das desviacións producidas sobre as cantidades inicialmente orzamentadas por Saúde Mental FEAFES Galicia (Federación Galega de Asociacións de Familiares e Persoas con Enfermidade Mental de Galicia).

4º. Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen as actuacións obxecto dos programas específicos a subvencionar a través deste convenio, con indicación do importe e a súa procedencia, xa sexa de entes públicos ou privados.

5º. No suposto de gastos de importe superior a 15.000,00€, os tres orzamentos que, en aplicación do artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, deba ter solicitado Saúde Mental FEAFES Galicia (Federación Galega de Asociacións de Familiares e Persoas con Enfermidade Mental de Galicia).

6º. Se fose o caso, a carta de pagamento de reintegro no suposto de remanentes non aplicados así como dos xuros derivados destes.

3. A revisión da parte da conta xustificativa integrada polas facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación a que se fai referencia no número anterior e a documentación acreditativa do pagamento será efectuada por unha persoa **auditora de contas** inscrita como exercinte no Rexistro Oficial de Auditores de Contas dependente do Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas, designado pola entidade beneficiaria.

A estes efectos, achegárase o informe da revisión efectuada pola persoa auditora de contas, que se estenderá á totalidade da conta xustificativa e que, como mínimo, deberá deixar constancia dos seguintes extremos:

1º. Adecuación da natureza do gasto, tanto en relación ás actuacións subvencionadas en execución dos programas, que se relacionan na cláusula segunda, como en relación aos conceptos de gasto subvencionable.

2º. Verificación da relación clasificada e debidamente agrupada dos gastos citada no número 2 letra b), conforme coincide coa documentación xustificativa destes e coa



documentación acreditativa do seu pagamento, con indicación dos reparos correspondentes.

3º. Verificación do cumprimento do disposto na cláusula décimo primeira en relación coas actividades subcontratadas, no seu caso.

4º. Indicación do importe, desagregado por partidas e global, correctamente xustificado, tanto en relación á xustificación do gasto como do seu pagamento, conforme ás previsións contidas nesta cláusula.

5º. Verificación das desviacións producidas sobre as cantidades inicialmente orzamentadas.

6º. Verificación do importe global percibido pola entidade como ingresos en concepto de subvencións, tanto de entes públicos como privados, e aplicado ao financiamento das actuacións obxecto dos programas a subvencionar a través do convenio, e que este non supera o gasto total xustificado.

Saúde Mental FEAFES Galicia (Federación Galega de Asociacións de Familiares e Persoas con Enfermidade Mental de Galicia) estará obrigada a pór a disposición da persoa auditora de contas cantos libros, rexistros e documentos lle sexan esixibles en aplicación do disposto no artigo 11.f da Lei 9/2007, do 13 de xuño, así como a conservalos co obxecto das actuacións de comprobación e control previstas na lei. O gasto derivado da revisión da conta xustificativa poderá ter a condición de gasto subvencionable.

4. A falta de presentación da xustificación no prazo establecido comportará o reintegro da subvención, ou da parte proporcional non xustificada, e demais responsabilidades establecidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño. Exceptúase desta previsión a presentación da documentación xustificativa do pagamento dos gastos imputables ao mes de decembro, documento de Relación Nominal de Traballadores (RNT) e documento de Relación de liquidacións de cotizacións (RLC) de novembro e decembro e IRPF correspondentes ao cuarto trimestre do ano 2025, que se presentará mediante addenda ao informe da auditoría na primeira quincena de febreiro de 2026.

Con carácter previo ao pagamento poderá consultarse, salvo oposición por parte de Saúde Mental FEAFES Galicia (Federación Galega de Asociacións de Familiares e



Persoas con Enfermidade Mental de Galicia), o cumprimento das súas obrigas tributarias, coa Seguridade Social e coa facenda da Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, así como non ser debedora por resolución de procedemento de reintegro. De opoñerse terá que facelo de xeito expreso tal e como sinala o artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, e achegar os xustificantes ou documentación necesaria para acreditar o seu cumprimento.

### **NOVENA. Incumprimentos, reintegros e sancións**

Producirase a perda do dereito ao cobro total ou parcial da axuda no suposto de falta de xustificación do cumprimento do convenio, dos deberes contidos nestas cláusulas, dos deberes contidos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño ou na demais normativa aplicable, o que dará lugar á obriga de reintegrar total ou parcialmente a axuda percibida, así como os xuros de demora correspondentes.

O procedemento para declarar a orixe da perda do dereito de cobramento da axuda e para facer efectiva a devolución a que se refire o punto anterior será o establecido no Título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Sempre que se cumpran os requisitos ou condicións esenciais reflectidos no convenio, a Consellería de Política Social e Igualdade poderá apreciar un incumprimento parcial e deberá resolver sobre o seu alcance, aplicando a mesma ponderación que tivera a condición incumplida no convenio e, se é o caso, establecendo o deber de reintegro.

Cando se trate de condicións referentes á contía ou conceptos do obxecto subvencionable, o alcance do incumprimento determinarase proporcionalmente ao gasto deixado de practicar ou aplicado a conceptos distintos dos considerados subvencionables e, se fora o caso, deberán reintegrarse as cantidades percibidas en dita proporción. Con carácter xeral, se o incumprimento superara o 65% da actividades obxecto dos programas a subvencionar a través do convenio, entenderase que dito incumprimento é total, debendo reintegrarse todas as cantidades percibidas e o seus xuros de demora.

### **DÉCIMA. Inexistencia de relación laboral**



Saúde Mental FEAFES Galicia (Federación Galega de Asociacións de Familiares e Persoas con Enfermidade Mental de Galicia) queda facultada para designar o persoal necesario para realizar as actividades propostas.

A subscrición do presente convenio non leva consigo relación laboral nin contractual entre a Consellería de Política Social e Igualdade e as persoas que realicen as actividades obxecto del, de tal xeito que non se lle poderá esixir ningunha responsabilidade, nin directa nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento deste.

### **DECIMO PRIMEIRA. Subcontratación**

Saúde Mental FEAFES Galicia (Federación Galega de Asociacións de Familiares e Persoas con Enfermidade Mental de Galicia) é a beneficiaria directa da subvención obxecto deste convenio, asumindo a total responsabilidade da execución das actividades que conforman os programas subvencionados fronte á administración. Non obstante, autorízase a subcontratación da execución parcial de actividades, ata unha porcentaxe do 75 por cento do importe total das actuacións financiadas a través deste convenio, de acordo co recollido na memoria económica. A autorización baséase na necesidade de execución externa das actividades programadas.

Saúde Mental FEAFES Galicia (Federación Galega de Asociacións de Familiares e Persoas con Enfermidade Mental de Galicia) no seu caso, comunicará, a subcontratación á Consellería de Política Social e Igualdade. A estes efectos será de aplicación o establecido no artigo 29 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, e 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

### **DÉCIMO SEGUNDA. Comisión de seguimento e control**

Para o seguimento e coordinación das actuacións previstas no presente convenio crearase unha comisión mixta e paritaria na que estarán representados as partes asinantes. Esta comisión, que se reunirá por petición de calquera das partes, será o mecanismo de actuación conxunta para o seguimento e avaliación das actuacións estipuladas no presente convenio, e estará formada por dúas persoas representantes da Consellería de Política Social e Igualdade e dúas persoas representantes de FEAFES Galicia, Federación Galega de Asociacións de Familiares e Persoas con Enfermidade Mental de Galicia, designadas por cada unha das persoas titulares que representan as partes asinantes, así como ás súas suplentes.



A dita comisión será presidida por unha das persoas representantes da administración, designada pola persoa titular da Dirección Xeral de Persoas con Discapacidade. A persoa que ocupe a secretaría, que actuará con voz pero sen voto, así como a súa suplente, será unha persoa adscrita á Dirección Xeral de Persoas con Discapacidade, designada pola persoa que asuma a Presidencia.

Como órgano colexiado a comisión someterase ao réxime establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro do réxime xurídico do sector público e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

### **DÉCIMO TERCEIRA. Vixencia**

O presente convenio estenderá os seus efectos dende a súa formalización e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2025.

Non obstante, os gastos das actuacións englobadas no programas específicos a subvencionar a través do convenio, que realizase FEAFES Galicia, Federación Galega de Asociacións de Familiares e Persoas con Enfermidade Mental de Galicia, dende o 1 de xaneiro de 2025 tamén poderán ser subvencionadas ao seu abeiro, coa achega da Consellería de Política Social e Igualdade.

### **DÉCIMO CUARTA. Transparencia e bo goberno**

O presente convenio será obxecto de publicidade e inscrición de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia. Así mesmo, será obxecto de publicación e inscrición en cumprimento do disposto no artigo 17 da lei 1/2016, do 18 de xaneiro, o artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

As partes asinantes consenten dar publicidade dos seus datos persoais e demais especificación recollidas no presente instrumento de colaboración o Portal de Transparencia e Goberno Aberto.



De conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, o instrumento de colaboración e a información sobre a subvención serán comunicados á Base de Datos Nacional de Subvencións.

### **DÉCIMO QUINTA. Información básica sobre protección de datos persoais**

As partes asinantes deste convenio garantirán a confidencialidade dos datos persoais aos que teñan acceso como consecuencia das actuacións realizadas en execución deste e de conformidade co disposto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación de estes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia-Consellería de Política Social e Igualdade coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa derivada da xestión da concesión directa a través deste convenio, que comprende verificar os datos e documentos que a entidade interesada achegue para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que se deriven e informar sobre o estado de tramitación.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme ás referencias recollidas no enlace <https://www.xunta.gal/información-xeral-proteccion-datos>, derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento das obrigas legais impostas ao dito responsable de conformidade co disposto no artigo 6.1, letras c) e e) do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016 e o artigo 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, e en concreto a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, reflectíndose esta circunstancia de conformidade coa normativa de aplicación.



A referencia á publicidade, en cumprimento da normativa de transparencia e subvencións, axustarase a dita normativa e coas limitacións que esta establece.

Como destinatarias, os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, no seu caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos>. O contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información consultarase no enlace <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

#### **DÉCIMO QUINTA. Réxime xurídico**

O presente convenio terá carácter administrativo rexéndose nos seus efectos polo establecido nas súas cláusulas, na Lei 38/2003, do 17 de novembro; no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo; na Lei 9/2007, do 13 de xuño; no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro e na Lei 40/2015, do 1 de outubro. No seu defecto, para resolver as lagoas e dúbidas que puideran presentarse, rexerase polo establecido na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro do 2014.

As cuestións litixiosas xurdidas acerca da interpretación, modificación e resolución serán resoltas pola Consellería de Política Social e Igualdade poñendo os seus acordos fin á vía administrativa.

Contra elas cabe recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou a resolución, segundo o previsto no artigo 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, no prazo dun mes se a acto fose expreso, se non o fora, poderase interpor recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.



